

1. Este ranking aplicarase para asignar as prazas dispoñibles en:

- Os Campionatos Galegos de acordo co disposto na normativa 1.
- As da RFETA organizados pola FGTA.
- Tamén aplicarase para conceder aos arqueiros a subvención para a súa participación en Campionatos de España nos termos e condicións da normativa 5.
- En outras competicións que ao efecto se determine.

2. Obtención do ranking:

Elaborarase promediando as dous mellores puntuacións do arqueiro obtidas na temporada actual e dividindo dita media pola puntuación esixida pola FGTA para a obtención de subvención ao campionato de España de cada categoría. As competicións válidas para a obtención do ranking serán aquelas incluídas no calendario oficial da FGTA aprobado en asemblea xeral que sexan abertas a todos os clubs galegos, enviadas á FGTA para a súa publicación na páxina web e cuxo formato sexa igual que a competición para a cal se utilizan.

Se un arqueiro participou en diferentes categorías, as súas puntuacións se sumarán, sempre que así se solicite e que o formato de ditas competicións sexa igual ao da competición para a cal se utilizan. A solicitude deberá facerse por escrito á Secretaría técnica da FGTA indicando a categoría na que quere estar incluído no ranking.

No caso de que un arqueiro obteña puntuacións en campionatos oficiais fora da comunidade e desexa que se incorporen para a obtención de subvención deberá de informar á FGTA nun prazo de 10 días desde a disputa do campionato, en todo caso será necesario que a lo menos unha das puntuacións sexa obtida nunha das probas do calendario oficial da FGTA.

3. Nos campionatos galegos Campión/a da tempada anterior terá dereito a participar para revalidar o seu título, aínda que non teña ranking.

4. O deportista que actuase como xuíz en dúas competicións valedoiras para o ranking será admitido na competición, aínda non tendo ranking.

5. As prazas asignaranse en base ao establecido nas normativas aplicándose o ranking nos casos en que se determine nas mesmas.

6. O ranking publicarase xunto co sorteo de dianas de cada Campionato en que sexa utilizado xunto coa a lista de arqueiros inscritos que quedasen excluídos.

7. En caso de non existir competicións na tempada actual para poder realizar o ranking, se tomará como referencia o ranking da tempada anterior da mesma modalidade e formato.

8. De celebrarse unha única competición valedoira para o ranking na tempada actual, esta será tida en conta xunto co resultado do ranking da última tempada como se de outra competición se tratase.

9. O deportista que participase nunha única competición valedoira para a elaboración do ranking consideraráselle a segunda con valor cero, para a súa elaboración.

- APROBADA EN ASEMBLEA XERAL O 5 DE ABRIL DE 2009.
- MODIFICADA EN ASEMBLEA XERAL O 25 DE ABRIL DE 2010.
- MODIFICADA EN ASEMBLEA XERAL O 10 DE ABRIL DE 2011.
- MODIFICADA EN ASEMBLEA XERAL O 31 DE AGOSTO DE 2019